

Petróglifo da Pedra das Ferraduras

**Descrición**

Rocha empenada duns 5 x 4 m. A súa superficie presenta numerosos gravados que se reparten principalmente pola parte superior plana e a cara orientada ao sur, de forte pendente. A parte superior mostra unha combinación de círculos concéntricos con trazos pegados ao seu anel externo, boa cantidade de pegadas de cérvidos ou bóvidos e un par de combinacións circulares atípicas.

Na cara sur aparecen sete zoomorfos (un deles con boa cornamenta), tres deseños idolíformes (ídolos-cilindro) e cinco antropomorfos esquemáticos, posiblemente armados, que rodean aos animais. Un antropomorfo colocado en posición superior e central, que parece dirixir a acción, empuña coa súa man dereita unha enorme espada, mentres co outro brazo suxeita un escudo circular. Aparece gravada outra figura de puñal, esta de menor tamaño. Varios dos animais citados presentan dardos ou frechas cravados sobre o seu lombo.

Adscrición cultural

Calcolítico

Tipoloxía

Petróglifo

LOCALIZACIÓN**Parroquia**

San Xurxo de Sacos

Lugar

Fentáns

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 540136 Y: 4708368

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.512860 O

Latitude: 42.524724 N

